

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

12999 *Real decreto 1065/2015, do 27 de novembro, sobre comunicacións electrónicas na Administración de xustiza no ámbito territorial do Ministerio de Xustiza e polo que se regula o sistema LexNET.*

Desde que foi aprobada a Lei orgánica 16/1994, do 8 de novembro, pola que se reformou a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e que introduciu por primeira vez no noso ordenamento xurídico a posibilidade de empregar medios técnicos, electrónicos e informáticos para o desenvolvemento da actividade e o exercicio das funcións de xulgados e tribunais, percorreuse un longo camiño cheo de fitos normativos e de avances tecnolóxicos. Foi a mediados dos anos noventa do pasado século cando o uso das novas tecnoloxías na Administración de xustiza comezou a estenderse de forma xeneralizada; desde entón, o seu avance non se detivo e aumentaron progresivamente os distintos sistemas e aplicacións que se usan en xulgados, tribunais e fiscalías para o desempeño da súa actividade.

Entre os fitos normativos, atópase o Real decreto 84/2007, do 26 de xaneiro, sobre implantación na Administración de xustiza do sistema informático de telecomunicacións LexNET para a presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e a realización de actos de comunicación procesual por medios telemáticos. O sistema LexNET cumpriu de maneira satisfactoria as necesidades de comunicación da Administración de xustiza cos profesionais da xustiza, principalmente cos procuradores dos tribunais, e preferentemente para a realización de notificacións enviadas desde os órganos e oficinas xudiciais de todas as ordes xurisdicionais a estes profesionais.

Posteriormente, a Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, definiu un marco xeral do uso de medios informáticos na Administración de xustiza e dedicou o capítulo III do título IV ao rexistro de escritos, ás comunicacións e ás notificacións electrónicas. Así mesmo, creou o Comité técnico estatal da Administración xudicial electrónica, que actualmente posúe as competencias en materia de interoperabilidade e compatibilidade das distintas aplicacións que se utilizan na Administración de xustiza. En virtude do artigo 45 da referida lei, este comité fixou as bases de interoperabilidade e seguridade da Administración de xustiza.

Ademais, no ámbito europeo publicouse o Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE para as transaccións electrónicas no mercado interior. Este regulamento define as condicións para que os sistemas de notificacións electrónicas sexan legalmente válidos nos países da Unión Europea. Entre os obxectivos deste regulamento está reforzar a confianza nas transaccións electrónicas dentro do marco da Unión Europea, proporcionando as ferramentas xurídicas necesarias para crear un clima de seguridade entre cidadáns, empresas e a Administración pública. O seu artigo 25 regula os efectos xurídicos das sinaturas electrónicas, o 35 os do selo electrónico e os artigos 43 e 44 os efectos e requisitos dos servizos de entrega electrónica certificada.

Durante o tempo transcorrido, no ámbito da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas e das entidades que integran a Administración local e ao abeiro da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, estas administracións foron pioneiras no uso das novas tecnoloxías no ámbito das administracións públicas e definíronse nos últimos anos diversos sistemas de notificacións impulsados por varios órganos da Administración xeral do Estado que, sen dúbida, poden ser adoptados como unha posibilidade máis, dentro dos

límites e condicións establecidos polas normas procesuais e coas súas especiais características, no ámbito da Administración de xustiza. Cabe destacar que na redacción das bases de interoperabilidade e seguridade da Administración de xustiza se tivo en consideración o establecido nos esquemas nacionais de interoperabilidade e de seguridade, así como as recomendacións da Unión Europea, a situación tecnolóxica das diferentes administracións competentes en materia de xustiza e os servizos electrónicos e infraestruturas xa existentes, de conformidade co artigo 47.3 da Lei reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

Por último, foron aprobadas recentemente a Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, e a Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, e ambas, nos seus respectivos textos, conteñen disposicións que abordan aspectos relativos ás comunicacións telemáticas e electrónicas. Neste sentido resulta de especial significado e transcendencia o contido da disposición adicional primeira desta última que, baixo a epígrafe «utilización de medios telemáticos», constitúe singular e específico fundamento normativo deste real decreto. Nela regúlanse aspectos técnicos de especial transcendencia que afectan ámbitos competenciais concretos, dos cales derivan consecuencias sobre os procesos xudiciais e, por tanto, sobre os dereitos dos cidadáns.

Así mesmo, a fundamentación desta norma regulamentaria encóntrase na nova redacción do artigo 230 da Lei orgánica do poder xudicial, que establece a obrigação dos xulgados e tribunais e tamén das fiscalías de utilizar calquera medio técnico electrónico, informático e telemático posto á súa disposición para o desenvolvemento da súa actividade e exercicio das súas funcións, sempre coas limitacións legais que resulten de aplicación.

Este real decreto tamén encontra a súa base legal nos artigos 4 e 6 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, que establecen, respectivamente, o dereito de elección do cidadán da canle a través da cal relacionarse coa Administración de xustiza e, de ser o caso, a elixir as aplicacións e sistemas para facelo electronicamente, e o dereito e deber dos profesionais da xustiza a relacionarse con esta mediante canles electrónicas. Non obstante, esta lei foi modificada pola lei de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, que dispón a posibilidade de que legal ou regulamentariamente se estableza a obrigatoriedade de comunicarse coa Administración de xustiza só por medios electrónicos cando se trate de persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que, por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

Este real decreto dítase en uso da habilitación contida no número 2 da disposición adicional primeira da Lei orgánica do poder xudicial, así como da que establece, respecto ao ámbito competencial do Ministerio de Xustiza, a disposición derradeira segunda da Lei 18/2011, do 5 de xullo.

Finalmente, no proceso de elaboración deste real decreto emitiron informe, entre outros, o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal, o Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial electrónica e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten por obxecto desenvolver a Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, no relativo ás comunicacións e notificacións electrónicas, así como á presentación

electrónica de escritos, documentos ou outros medios ou instrumentos e ao traslado de copias, no ámbito da competencia do Ministerio de Xustiza e sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas.

2. As súas disposicións serán de aplicación:

- a) A todos os integrantes dos órganos e oficinas xudiciais e fiscais.
- b) A todos os profesionais que actúan no ámbito da Administración de xustiza.
- c) Ás relacións entre os órganos e oficinas xudiciais e fiscais e os órganos técnicos que os auxilian e o resto de administracións e organismos públicos e as forzas e corpos de seguridade.
- d) Ás persoas que por lei ou regulamento estean obrigadas a intervir a través de medios electrónicos coa Administración de xustiza.
- e) Aos cidadáns que exerzan o dereito a relacionarse coa Administración de xustiza a través de medios electrónicos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Integrantes dos órganos e oficinas xudiciais e fiscais: os membros da carreira xudicial e fiscal e os funcionarios do corpo superior xurídico de letrados da Administración de xustiza e dos corpos de médicos forenses, de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de xestión procesual e administrativa, de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de tramitación procesual e administrativa, de auxilio xudicial e de axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, así como os equipos técnicos que presten soporte á actividade xudicial.

b) Profesionais da xustiza: profesionais que actúan no ámbito da Administración de xustiza. En concreto, avogados, procuradores, graduados sociais, corpo de avogados do Estado, letrados das Cortes Xerais e das asembleas lexislativas e letrados do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, das demais administracións públicas, das comunidades autónomas ou dos entes locais, así como os colexios de procuradores.

Tamén terán a consideración de profesionais da xustiza, para estes efectos, os administradores concursais.

c) Presentacións electrónicas: a achega, presentación ou remisión aos órganos e oficinas xudiciais e fiscais de toda clase de escritos, solicitudes, documentos, ditames, informes ou outros medios, instrumentos ou expedientes por parte dos cidadáns, profesionais da xustiza, administracións e organismos públicos e forzas e corpos de seguridade a través dunha canle electrónica. Tamén as presentacións realizadas polos órganos e oficinas xudiciais e fiscais nos supostos legalmente previstos.

d) Comunicacións e notificacións electrónicas: a realización, mediante unha canle electrónica, dos actos de comunicación procesual emanados dos órganos e oficinas xudiciais, tales como notificacións, citacións, emprazamentos, requirimentos, mandamentos, oficios e exhortos. Así mesmo, os actos de comunicación emanados dos órganos e oficinas fiscais, dos institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses, do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e dos equipos técnicos que presten soporte á actividade xudicial, nos supostos legalmente previstos.

e) Información en soporte dixital ou electrónico: toda información dixitalizada e almacenada nun medio electrónico de forma que permita a súa tramitación e transmisión de forma electrónica de acordo coa Lei 18/2011, do 5 de xullo.

f) Transmisión electrónica de información: transmisión a distancia de datos incorporados en documentos ou arquivos doutro tipo, que se realiza mediante o uso dunha canle electrónica.

g) Canle electrónica: toda canle de transmisión de datos por medios electrónicos, ópticos ou de radiofrecuencia.

Artigo 3. *Presentacións, comunicacións e notificacións electrónicas.*

1. As presentacións e as comunicacións e notificacións realizadas por canles electrónicas deberán axustarse ás normas procesuais.

2. Os sistemas electrónicos de información e comunicación deberán deixar constancia da transmisión e recepción das presentacións e das comunicacións e notificacións, da data e da hora en que se produza a súa saída e das da posta á disposición do interesado, do seu contido íntegro e do acceso a el, así como da identificación do remitente e do seu destinatario. Os sistemas de identificación e autenticación axustaranse ao previsto na Lei 18/2011, do 5 de xullo; na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica; no Regulamento UE n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, e no presente real decreto.

3. Todos os sistemas electrónicos de información e comunicación se deberán rexer polas bases do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade. Para iso, todas as aplicacións e sistemas que se utilicen para comunicarse coa Administración de xustiza deberán facer uso das guías de interoperabilidade e seguridade das tecnoloxías da información e das comunicacións elaboradas polo Comité técnico estatal da Administración xudicial electrónica, en especial das guías de documento e expediente xudicial electrónico, así como da de política de sinatura.

Artigo 4. *Dereito dos cidadáns a elixir e obrigatoriedade das presentacións e das comunicacións e notificacións electrónicas.*

Os cidadáns que non estean asistidos ou representados por profesionais da xustiza poderán elixir, en todo momento, que a maneira de comunicarse coa Administración de xustiza e a forma de recibir as súas comunicacións e notificacións sexa ou non por canles electrónicas.

Non obstante, estarán obrigados a comunicarse coa Administración de xustiza, en todo caso, a través de canles electrónicas, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Aqueles que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coa Administración de xustiza en exercicio da dita actividade profesional.
- d) Os notarios e rexistradores.
- e) Aqueles que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración de xustiza.
- f) Os funcionarios das administracións públicas para os trámites e as actuacións que realicen por razón do seu cargo.
- g) Os que legal ou regulamentariamente se establezan.

Artigo 5. *Obrigatoriedade para os profesionais da xustiza e os órganos e oficinas xudiciais e fiscais.*

1. Todos os avogados, procuradores, graduados sociais, avogados do Estado, letrados das Cortes Xerais, das asembleas lexislativas e do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, das demais administracións públicas, das comunidades autónomas ou dos entes locais, así como os colexios de procuradores e administradores concursais teñen a obrigaición de utilizar os sistemas electrónicos existentes na Administración de xustiza para a presentación de escritos e documentos e para a recepción de actos de comunicación.

2. Así mesmo, os sistemas electrónicos de información e comunicación, ao igual que o resto de sistemas informáticos postos ao servizo da Administración de xustiza, deben ser usados obrigatoriedade para o desempeño da súa actividade por todos os integrantes dos órganos e oficinas xudiciais e fiscais.

Artigo 6. Formas de identificación e autenticación.

1. Para o emprego dos sistemas electrónicos de información e comunicación que así o requiran serán válidos os sistemas de identificación electrónica e de sinatura electrónica que sexan conformes co establecido pola Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e polo Regulamento UE n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se deroga a Directiva 1999/93/CE, e resulten adecuados para garantir a identificación dos intervenientes e, de ser o caso, a autenticidade e a integridade dos documentos electrónicos.

2. A Administración de xustiza poderá utilizar para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produza sistemas de sinatura electrónica para a actuación xudicial automatizada, sistemas baseados en certificados electrónicos do persoal ao servizo da Administración de xustiza e outros sistemas de sinatura que permitan atribuír a sinatura ao asinante e comprobar a autenticidade de documentos con base en códigos seguros de verificación.

Así mesmo, poderanse utilizar, de ser o caso, sistemas de identificación, autenticación e sinatura electrónica mediante o uso de claves concertadas reutilizando as plataformas do sector público administrativo estatal.

3. As persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica poderán utilizar sistemas baseados en certificados electrónicos de persoa xurídica ou de entidade sen personalidade xurídica, así como selos electrónicos avanzados baseados en certificados cualificados.

4. O uso da sinatura electrónica non exclúe a obrigaición de incluír nos documentos ou nas comunicacións electrónicas os datos de identificación do asinante e, de ser o caso, da persoa ou entidade a que represente e os que sexan necesarios de acordo coa lexislación aplicable.

Artigo 7. Seguridade nas presentacións, comunicacións e notificacións electrónicas.

1. Para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, rastrexabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos utilizados nas presentacións e nas comunicacións e notificacións electrónicas na Administración de xustiza aplicarase o Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade.

2. Os sistemas electrónicos de información e comunicación deberán cumprir os requisitos mínimos de seguridade fixados nas bases do Esquema xudicial de interoperabilidade e seguridade. Estes requisitos, de conformidade co previsto no artigo 54 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de xustiza, serán desenvolvidos mediante unha guía técnica de seguridade, en liña co establecido nas instrucións técnicas de seguridade da Administración xeral do Estado.

3. O disposto neste real decreto aplicarase observando e garantindo a seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións da Administración de xustiza nos termos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

CAPÍTULO II

Presentacións, traslado de copias, comunicacións e notificacións electrónicas*Artigo 8. Canles electrónicas.*

1. A presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e a realización de comunicacións e notificacións por medios electrónicos efectuaranse a través do sistema LexNET ou mediante a sede xudicial electrónica correspondente.

2. Os cidadáns que non estean asistidos ou representados por profesionais da xustiza e opten por comunicarse coa Administración de xustiza por medios electrónicos ou estean obrigados a iso poderán usar o Servizo Compartido de Xestión de Notificacións

Electrónicas e a Carpeta Cidadá provistos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sempre que os medios tecnolóxicos o permitan.

3. Os colexios de procuradores habilitarán os medios necesarios para garantir a presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e a recepción dos actos de comunicación por medios electrónicos, por parte de todos os seus profesionais en calquera parte do territorio nacional, independentemente do colexio de procuradores de adscrición a que pertencen.

Artigo 9. *Presentación de escritos e documentos por canles electrónicas.*

1. Os órganos e as oficinas xudiciais e fiscais, así como os profesionais da xustiza, remitirán os seus escritos e documentos a través do sistema LexNET.

As administracións e organismos públicos e as forzas e corpos de seguridade tamén poderán usar os servizos da sede xudicial electrónica que se habiliten expresamente para elas.

2. Cando, de conformidade co disposto polas normas procesuais, non sexa preceptiva a asistencia letrada nin a representación por procurador ou, de ser o caso, graduado social, os cidadáns que opten por relacionarse coa Administración de xustiza por medios electrónicos e as persoas que estean obrigadas a iso conforme as leis ou regulamentos utilizarán para a presentación de escritos e documentos a sede xudicial electrónica. Tamén poderán utilizar o Servizo Compartido de Xestión de Notificacións Electrónicas e a Carpeta Cidadá provistos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sempre que os medios tecnolóxicos o permitan.

3. A presentación de toda clase de escritos, documentos, ditames, informes ou outros medios ou instrumentos deberá ir acompañada dun formulario normalizado co detalle ou índice comprensivo do número, orde e breve descrición do contido de cada un dos documentos, así como, de ser o caso, do órgano ou oficina xudicial ou fiscal a que se dirixe e o tipo e número de expediente e ano a que se refire o escrito. Este formulario normalizado axustarase ás disposicións do Regulamento 2/2010, sobre criterios xerais de homoxeneización das actuacións dos servizos comúns procesuais, aprobado polo Acordo, do 25 de febreiro de 2010, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 10. *Traslado de copias electrónicas.*

1. Cando a presentación de escritos e documentos a realicen procuradores e, ademais, deba efectuarse o traslado de copias nos termos previstos no artigo 276 e seguintes da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, poderase levar a cabo a través da plataforma do Consello Xeral de Procuradores de España aprobada tecnicamente polo Ministerio de Xustiza e conectada a LexNET.

En caso de que o traslado de copias entre procuradores se realice a través da plataforma do Consello Xeral de Procuradores de España, a presentación electrónica que se dirixa ao órgano ou oficina xudicial ou fiscal deberá conter un xustificante asinado electronicamente que acredite de forma inequívoca que o traslado de copias se realizou observando as disposicións procesuais.

2. A obrigaçión de realizar o traslado de copias de escritos e documentos cando interveñan procuradores será igualmente exixible, nos termos previstos nos artigos 276 e seguintes da Lei de axuízamento civil, nas ordes xurisdicionais penal, contencioso-administrativa e social.

Artigo 11. *Comunicacións e notificacións por canles electrónicas.*

1. Os órganos e as oficinas xudiciais e fiscais realizarán os actos de comunicación coas partes procesuais e, de ser o caso, cos terceiros intervinientes, mediante as seguintes canles electrónicas:

a) O sistema LexNET, se se trata, de ser o caso, doutros órganos e oficinas xudiciais e fiscais, cando as partes intervinientes no proceso estean representadas por profesionais

da xustiza e así o permitan as normas procesuais, e cando os destinatarios dos actos de comunicación sexan as administracións e os organismos públicos e as forzas e corpos de seguridade.

- b) A sede xudicial electrónica.
- c) O Servizo Compartido de Xestión de Notificacións Electrónicas e a Carpeta Cidadá provistos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sempre que os medios tecnolóxicos o permitan.
- d) Outros sistemas electrónicos de información e comunicación que se poidan establecer.

2. Será de aplicación aos actos de comunicación realizados a través da sede xudicial electrónica o disposto no artigo 162.2 da Lei de axuízamento civil.

3. Todos estes medios deberán cumprir os requisitos de autenticidade, integridade, temporalidade e xustificante acreditativo nos procesos de envío e recepción.

Artigo 12. *Dispoñibilidade dos sistemas electrónicos.*

1. Os medios electrónicos relacionados nos artigos anteriores estarán en funcionamento durante as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, sen prexuízo do previsto no número seguinte deste artigo. En ningún caso a presentación electrónica de escritos e documentos ou a recepción de actos de comunicación por medios electrónicos implicará a alteración do establecido nas leis sobre o tempo hábil para as actuacións procesuais, prazos e o seu cómputo, nin tampouco suporá ningún trato discriminatorio na tramitación e resolución dos procesos e actuacións ante os órganos e oficinas xudiciais e fiscais.

2. Cando a presentación de escritos e documentos dentro de prazo polos medios electrónicos non sexa posible por interrupción non planificada do servizo de comunicacións electrónicas, sempre que sexa factible disporanse as medidas para que o usuario resulte informado desta circunstancia, así como dos efectos da suspensión, con indicación expresa, de ser o caso, da prórroga dos prazos de inminente vencemento. O remitente poderá proceder, neste caso, á súa presentación no órgano ou oficina xudicial ou fiscal o primeiro día hábil seguinte xuntando o xustificante da dita interrupción.

Nos casos de interrupción planificada pola ineludible realización de traballos de mantemento ou que outras razóns técnicas o requiran, poderanse planificar paradas dos sistemas informáticos que afecten ou imposibiliten de forma temporal o servizo de comunicacións electrónicas. Estas paradas serán avisadas polo propio sistema informático cunha antelación mínima de vinte días e indicarán o tempo estimado de indispoñibilidade do servizo. Este prazo poderá ser reducido en caso de aplicación de medidas de seguridade e outras necesidades de corrección urxente.

CAPÍTULO III

Sistema LexNET

Artigo 13. *Definición e características.*

1. O sistema LexNET é un medio de transmisión seguro de información que, mediante o uso de técnicas criptográficas, garante a presentación de escritos e documentos e a recepción de actos de comunicación, as súas datas de emisión, posta á disposición e recepción ou acceso ao seu contido.

Así mesmo, o sistema LexNET garante o contido íntegro das comunicacións e a identificación do remitente e destinatario destas mediante técnicas de autenticación adecuadas, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e no Regulamento UE N° 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE.

2. O sistema LexNET terá a consideración de sistema de entrega electrónica certificada conforme o artigo 43 do Regulamento UE nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014.

3. Cando o envío proceda dunha Administración ou organismo público e das forzas e corpos de seguridade poderá utilizarse o sistema de acceso mediante usuario e contrasinal, sempre que a comunicación se realice a través dos sistemas de aplicacións e redes para as administracións.

Artigo 14. *Funcionalidades do sistema LexNET.*

O sistema LexNET prestará as seguintes funcionalidades:

a) A presentación e o transporte de escritos procesuais e documentos que se presenten con eles, así como a súa distribución e remisión ao órgano ou oficina xudicial ou fiscal encargada da súa tramitación.

b) A xestión do traslado de copias, de modo que quede acreditado nas copias a data e hora en que se realizou efectivamente o traslado aos restantes procuradores constituídos como parte e a identidade destes, de conformidade co previsto nas leis procesuais.

c) A realización de actos de comunicación procesual conforme os requisitos establecidos nas leis procesuais.

d) A expedición de xustificantes electrónicos, integrables nas aplicacións de xestión procesual, acreditativos da correcta realización da presentación de escritos e documentos anexos, dos traslados de copias e da remisión e recepción dos actos de comunicación procesual e, en todo caso, da data e hora da efectiva realización.

e) A constancia dun asento por cada unha das transaccións electrónicas a que se refiren os números anteriores, realizadas a través do sistema, con identificación en cada transacción dos seguintes datos: identidade do remitente e do destinatario de cada mensaxe, data e hora da súa efectiva realización proporcionada polo sistema e, de ser o caso, proceso xudicial a que se refire, indicando tipo de procedemento, número e ano.

Artigo 15. *Administración do sistema.*

1. O Ministerio de Xustiza, encargado de administrar e manter o contorno operativo e a dispoñibilidade do sistema, poderá subscribir convenios de cooperación tecnolóxica coas comunidades autónomas que recibisen os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza, para a implantación do sistema electrónico denominado LexNET nos seus ámbitos territoriais correspondentes. Estes convenios axustaranse ás características do sistema e respectarán as garantías establecidas neste real decreto.

O Ministerio de Xustiza porá á disposición de todas as comunidades autónomas a que se refire o parágrafo anterior o sistema de telecomunicacións LexNET.

O Ministerio de Xustiza terá a responsabilidade de garantir o correcto funcionamento, a custodia e a seguridade do sistema, sen prexuízo das atribucións correspondentes ás comunidades autónomas que recibisen os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza nos termos dos convenios de cooperación tecnolóxica subscritos con estas.

2. O Consello Xeral da Avogacía Española e o Consello Xeral de Procuradores de España poderán conectar as súas plataformas co sistema LexNET sempre que esta conexión sexa aprobada tecnicamente polo Ministerio de Xustiza e permita a interoperabilidade completa co dito sistema. Estas interconexións estarán dirixidas a lles facilitar aos profesionais da xustiza adscritos a eles o cumprimento das obrigacións establecidas no artigo 162 da Lei de axuízamento civil e dos deberes previstos na Lei 18/2011, do 5 de xullo.

Os consellos xerais que se interconecten con LexNET deberán manter as súas plataformas e aplicacións interoperables co sistema LexNET.

A actualización e interoperabilidade dos sistemas dos consellos xerais serán da súa competencia exclusiva.

Artigo 16. *Dispoñibilidade do sistema LexNET.*

1. Cando, por calquera causa, o sistema LexNET ou as plataformas do Consello Xeral da Avogacía Española e do Consello Xeral de Procuradores de España aprobadas tecnicamente polo Ministerio de Xustiza e conectadas a LexNET non poidan prestar o servizo nas condicións establecidas, serán informados os usuarios para os efectos da eventual presentación de escritos e documentos e traslado de copias, así como da realización dos actos de comunicación en forma non electrónica, e expedirase, logo de solicitude, xustificante da interrupción do servizo ou certificado do consello xeral profesional correspondente, expresivo de tal imposibilidade, do tempo que permaneceu inactivo e das causas. O xustificante e os certificados que expidan os consellos xerais profesionais producirán os efectos previstos no parágrafo segundo do artigo 162.2 da Lei de axuízamento civil, co fin de que o destinatario das comunicacións poida xustificar a falta de acceso ao sistema por causas técnicas durante ese período.

2. Antes de acceder o destinatario ao detalle do contido do envío, o sistema LexNET mostrará, ao menos, a información esencial relativa ao remitente do envío, o asunto, a clase e o número de procedemento, de ser o caso, así como a data de envío. Para que aquel poida acceder ao contido da comunicación, previamente deberá proceder á súa aceptación.

3. Unha vez depositados nas caixas de correos virtuais dos usuarios os escritos, as comunicacións e notificacións, así como calquera outro documento procesual transmitido por medios electrónicos, encontraranse accesibles por un período de sesenta días. Transcorrido este prazo, eliminaranse da caixa de correo estes documentos, salvo os xustificantes electrónicos acreditativos da transmisión.

4. Para conseguir unha adecuada xestión e tratamento por parte dos destinatarios das comunicacións e notificacións electrónicas, cando se produza unha acumulación masiva destas para enviar despois dun período inhábil ou por concorreren circunstancias excepcionais, o propio sistema impedirá que se supere en máis dun cincuenta por cento ao día o volume de saída ordinario de actos de comunicación e, se tecnicamente non for posible, os responsables do envío adoptarán as medidas necesarias para tal fin, repartindo de forma gradual o exceso acumulado en remisións consecutivas durante os cinco días posteriores ao período de inhabilidade ou ao cesamento da circunstancia excepcional.

5. Os mecanismos técnicos que aseguren a confidencialidade da información procesual transmitida garantirán que o administrador do sistema non teña acceso ao seu contido.

6. Non obstante, a custodia da información acreditativa das transaccións realizadas a través do sistema LexNET corresponde ao administrador do sistema, nas condicións establecidas no ficheiro 1 «Custodia da información acreditativa das transaccións realizadas» do anexo I.

Artigo 17. *Operativa funcional do sistema nas presentacións, traslado, comunicacións e notificacións electrónicas.*

1. A presentación de escritos e documentos procesuais iniciadores e de trámite, o traslado de copias cando interveña procurador e a realización de actos de comunicación a través do sistema LexNET requirirán por parte dos usuarios do sistema a consignación previa de todos os campos de datos obrigatorios que aparecen relacionados no anexo III e que deberán ser coincidentes cos do formulario previsto nos artigos 36.4 e 38.1 da Lei 18/2011, do 5 de xullo.

2. O usuario poderá incorporar, ademais do documento electrónico principal, en que se conteña o propio acto procesual obxecto de transmisión, outros anexos, un por cada un dos documentos electrónicos que se deban achegar. O usuario poderá visualizar os documentos electrónicos incorporados como anexos, para efectos de comprobación, antes de proceder ao seu envío.

De ser o caso, xuntaranse tamén aqueles elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico e as copias en soporte papel para realizar o acto de comunicación ou traslado de copias ás partes que non compareceron.

Os usuarios do sistema presentarán os seus escritos utilizando sinatura electrónica cualificada. Os documentos electrónicos anexos tamén serán asinados electronicamente mediante certificado electrónico recoñecido ou cualificado.

Cando, polas singulares características dun documento, o sistema non permita a súa incorporación como anexo para o seu envío en forma electrónica, o usuario fará chegar esa documentación ao destinatario por outros medios, na forma establecida nas normas procesuais e no artigo seguinte, e deberá facer referencia aos datos identificativos do envío electrónico ao cal non se puido xuntar.

3. Para a acreditación da presentación dos escritos e documentos e a realización dos actos de comunicación, o sistema devolverá ao usuario un xustificante electrónico acreditativo da remisión e posta á disposición da documentación, da súa recepción por parte do destinatario, da descrición de cada un dos documentos transmitidos, da identificación do remitente ou profesional que o substitúe e do destinatario, do tipo de procedemento xudicial, número e ano, así como da data e hora da súa efectiva realización ou de calquera outra información que se considere relevante para constatar a certeza da presentación ou realización de tal acto de comunicación.

4. Para o traslado de copias entre procuradores, os colexios de procuradores utilizarán medios electrónicos que cumpran as previsións do artigo 276 da Lei de axuizamento civil, permitan o envío e a recepción de copias de escritos e documentos de forma simultánea á presentación dos escritos de trámite, de tal modo que estea garantida a autenticidade da comunicación e do seu contido, e quede constancia fidedigna da remisión e recepción íntegras e do momento en que se fixeron, co xustificante acreditativo da súa recepción que proceda.

A plataforma do Consello Xeral de Procuradores de España, aprobada tecnicamente polo Ministerio de Xustiza, permitirá que calquera procurador traslade copias de escritos e documentos en calquera parte do territorio nacional e con independencia do colexio de procuradores de adscripción.

5. O sistema confirmará ao usuario a recepción da mensaxe por parte do destinatario. A falta de confirmación non implicará que non se producise a recepción. Naqueles casos en que se detecten anomalías na transmisión electrónica ou non fose posible completar o envío, o propio sistema o porá en coñecemento do usuario, mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á emenda ou realice o envío noutro momento ou utilizando outros medios.

A mensaxe de erro ou deficiencia da transmisión poderá ser imprimida ou arquivada polo usuario e, se o sistema o permite, integrada nos sistemas de xestión procesual para efectos de acreditación do intento falido.

Nos casos en que se producise un erro na recepción e incorporación aos sistemas de xestión procesual e este se corrixisse en tempo e forma, dentro das canles previstas polo sistema, este expedirá un xustificante acreditativo da emenda correspondente, respectando a data e hora do envío inicialmente realizado.

Artigo 18. *Limitacións polo volume ou formato dos arquivos adxuntos.*

Cando, polo exceso do volume dos arquivos adxuntos, polo seu formato ou pola insuficiencia de capacidade do sistema LexNET, o sistema non permita a súa inclusión e impida o envío en forma conxunta co escrito principal, remitirase unicamente o escrito a través do sistema electrónico, e o resto de documentación, xunto co formulario normalizado previsto no último parágrafo do artigo 9 ou, na súa falta, o índice co número, clase e descrición dos documentos e o xustificante de recepción do dito envío emitido polo sistema, presentarse en soporte dixital ou en calquera outro tipo de medio electrónico que sexa accesible para os órganos e oficinas xudiciais e fiscais, ese día ou o día hábil inmediatamente posterior á data de realización do envío principal, no órgano ou oficina xudicial ou fiscal correspondente. Nestes casos, os arquivos deberán ser analizados con

software antivirus antes de que o persoal deste os traslade aos sistemas de xestión procesual.

Artigo 19. *Substitucións e autorizacións dos profesionais da xustiza.*

1. O sistema LexNET permitirá, na presentación dos escritos e documentos, traslado de copias e recepción dos actos de comunicación, a substitución entre os profesionais da xustiza que sexan da mesma profesión ou corpo, cando así o prevexan as súas normas estatutarias.

2. A alta no sistema LexNET para os profesionais da xustiza implicará a titularidade sobre unha caixa de correo virtual. O titular de cada caixa de correo poderá vincular a esta outros usuarios como autorizados para que no seu nome poidan realizar con plenitude de efectos xurídicos os envíos de documentación ou recepción de actos de comunicación desde esa caixa de correo. Os usuarios autorizados deberán acceder, en todo caso, mediante o seu propio certificado electrónico. O sistema garantirá a auditoría acerca das persoas que tiveron acceso á caixa de correo e en que momento, as accións realizadas polo usuario titular ou autorizado e o resultado destas.

Malia o anterior, nas presentacións de escritos e documentos estes deberán ter sido asinados previamente polo titular da caixa de correo co seu certificado electrónico aínda que a remisión a execute materialmente un usuario autorizado por aquel.

CAPÍTULO IV

Sede xudicial electrónica

Artigo 20. *Presentación de escritos e documentos a través da sede xudicial electrónica.*

Os cidadáns que, non sendo preceptiva a súa representación ou asistencia por profesionais da xustiza, opten por relacionarse coa Administración de xustiza por medios electrónicos ou estean obrigados a iso por lei ou regulamento presentarán os escritos, as demandas, as solicitudes e os documentos nos formatos e coas características que se describen no anexo IV, aos órganos e oficinas xudiciais e fiscais a través da sede xudicial electrónica, salvo que utilicen o Servizo Compartido de Xestión de Notificacións Electrónicas e a Carpeta Cidadá provistos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas se os medios tecnolóxicos o permiten.

Artigo 21. *Comunicacións e notificacións por comparecencia electrónica.*

1. A través da sede xudicial electrónica correspondente prestarase ao cidadán o servizo de comunicación e notificación por comparecencia electrónica. Neste caso, o cidadán debidamente identificado poderá acceder ao contido da resolución procesual obxecto de comunicación e notificación.

2. O servizo de notificación por comparecencia electrónica deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Inmediatamente antes de acceder ao contido do acto de comunicación, o interesado deberá visualizar un aviso do carácter de notificación, citación, emprazamento ou requirimento que conterà o dito acceso.

b) O sistema electrónico de información e comunicación correspondente deixará constancia de tal acceso con indicación de data e hora.

3. Coa finalidade de facilitar a realización do acto de comunicación, o cidadán poderá facilitar un número de teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico habitual para recibir neles un aviso de posta á súa disposición dun acto de comunicación por comparecencia electrónica ao cal poderá acceder e consultar desde a internet.

Artigo 22. *Comunicacións e notificacións mediante enderezo electrónico habilitado.*

1. Tamén se poderán realizar a través da sede xudicial electrónica os actos de comunicación emanados dos órganos e oficinas xudiciais e fiscais mediante o enderezo

electrónico habilitado. Para iso, os cidadáns poderán solicitar a apertura deste enderezo electrónico, que permitirá:

- a) Acreditar o momento en que se pon á disposición da parte procesual o contido da resolución que se pretende comunicar.
- b) Deixar constancia da data e hora de acceso ao seu contido.
- c) Garantir a identidade de usuario e o seu uso exclusivo por el.

2. O enderezo electrónico habilitado terá vixencia indefinida, excepto nos supostos en que sexa solicitada a súa revogación polo seu titular, por falecemento da persoa física, extinción da personalidade xurídica ou disolución da entidade sen personalidade, por resolución xudicial que así o ordene, ou polo transcurso de cinco anos sen ser utilizada para realizar ningún acto de comunicación.

Artigo 23. *Comunicación e notificación mediante correo electrónico.*

Os órganos e oficinas xudiciais e fiscais poderán realizar actos de comunicación nos enderezos de correo electrónico que os cidadáns elixan, sempre que no momento do acceso ao contido da comunicación se xere automaticamente e de forma independente á vontade do cidadán un xustificante de recepción acreditativo do día e da hora da remisión do acto de comunicación e da recepción íntegra do seu contido e dos documentos adxuntos.

O cidadán deberá ser advertido expresamente de que só poderá optar polo correo electrónico como medio preferente de comunicación coa Administración de Xustiza se este xera un xustificante de recepción do acceso ao contido da mensaxe.

Artigo 24. *Comunicación e notificación de edictos.*

Publicaranse no taboleiro de edictos da sede ou subsede xudicial electrónica aquelas resolucións e actos de comunicación que requiran por disposición legal a súa publicación no taboleiro de anuncios do órgano ou oficina xudicial e fiscal.

Calquera tratamento ulterior da información publicada no taboleiro de edictos estará sometido á Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ás súas disposicións de desenvolvemento.

Os sistemas de busca que se implanten no taboleiro de edictos contarán cos mecanismos necesarios para evitar a indexación da información contida no taboleiro e a recuperación automática dos anuncios publicados por medio de motores de busca desde a internet.

Artigo 25. *Mensaxes de texto.*

As partes procesuais e terceiros intervinientes nos procesos poderán proporcionar números de dispositivos electrónicos, teléfonos móbiles ou enderezos de correo electrónico a través dos cales se poidan pór en contacto os órganos e oficinas xudiciais e fiscais co fin de que lles sexan remitidas mensaxes de texto ou avisos de apoio aos actos de comunicación e que identifiquen páxina web ou enlace onde se encontre á disposición do destinatario o acto de comunicación e a documentación correspondente, pero nunca con efectos procesuais.

Disposición adicional primeira. *Sistema informático para a presentación de escritos, traslado de copias e realización de actos de comunicación na xurisdición militar.*

A implantación do sistema LexNET na xurisdición militar e na Fiscalía Xurídica Militar realizarana de forma conxunta os ministerios de Xustiza e de Defensa mediante os instrumentos de colaboración que resulten máis eficaces para tal fin.

Disposición adicional segunda. *Modelo de formulario normalizado.*

O Ministerio de Xustiza aprobará, mediante resolución do titular da Secretaría Xeral da Administración de Xustiza, o modelo de formulario normalizado previsto no número 3 do artigo 9.

Disposición adicional terceira. *Garantías de accesibilidade aos servizos electrónicos.*

O Ministerio de Xustiza procurará que todos os cidadáns, con especial atención ás persoas maiores ou con discapacidade, que se relacionan coa Administración de xustiza poidan acceder aos sistemas electrónicos de información e comunicación en igualdade de condicións, con independencia das súas circunstancias persoais, medios ou coñecementos.

Disposición transitoria primeira. *Vixencia dos convenios de colaboración subscritos para a utilización do sistema LexNET.*

Os convenios de colaboración para a utilización do sistema LexNET subscritos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto polo Ministerio de Xustiza con outras administracións públicas conservarán a súa vixencia ata o seu vencemento ou denuncia por calquera das partes, e serán igualmente susceptibles de ser prorrogados nos termos e condicións estipulados en cada un deles.

Disposición transitoria segunda. *Uso do correo electrónico como servizo de entrega electrónica certificada.*

Ata que o cidadán que opte polo uso do correo electrónico como medio preferente de comunicación coa Administración de xustiza non dispoña dun sistema que xere un xustificante de recepción do acceso ao contido da mensaxe, os órganos e as oficinas xudiciais e fiscais prestarán o servizo de comunicación e notificación ao cidadán que elixa este medio, en todas as ordes xurisdicionais, a través de sede xudicial electrónica.

Nestes supostos, o enderezo de correo electrónico facilitado servirá aos órganos e oficinas xudiciais e fiscais como medio de apoio para remitir ao destinatario aviso da realización do acto de comunicación e que identifique páxina web ou enlace onde se encontren á disposición do destinatario o acto de comunicación e a documentación correspondente, pero nunca con efectos procesuais.

Disposición transitoria terceira. *Incorporación dos administradores concursais ao sistema LexNET.*

Os administradores concursais, ata o día seguinte ao da publicación do desenvolvemento regulamentario sobre o réxime da administración concursal previsto na disposición transitoria segunda da Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial, seguirán comunicándose coa Administración de xustiza por medio de soporte papel. A partir desa data estarán obrigados á presentación de escritos e á recepción das comunicacións e notificacións polo sistema LexNET.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 84/2007, do 26 de xaneiro, sobre implantación na Administración de xustiza do sistema informático de telecomunicacións LexNET para a presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e a realización de actos de comunicación procesual por medios telemáticos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de administración de xustiza.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o Ministerio de Xustiza para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

2. Así mesmo, habilítase o ministro de Xustiza para modificar os ficheiros automatizados de datos de carácter persoal contidos no anexo I, variar a relación de usuarios que se reflicten no anexo II, modificar e aprobar a relación de campos do formulario normalizado incluído no anexo III, así como para a actualización dos requisitos e criterios técnicos recollidos no anexo IV deste real decreto, todo iso con observancia do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e disposicións complementarias, e no Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, aprobado polo Acordo do 15 de setembro de 2005, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Disposición derradeira terceira. *Limitación do gasto público.*

O presente real decreto non suporá incremento de gasto público nin das dotacións de persoal.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor, para os órganos e oficinas xudiciais e fiscais e para os profesionais da xustiza, o día 1 de xaneiro de 2016.

Para os cidadáns que non estean representados ou asistidos por profesionais da xustiza e opten polo uso dos medios electrónicos para comunicarse coa Administración de xustiza e para aqueles que estean obrigados a iso conforme as leis ou regulamentos, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,
RAFAEL CATALÁ POLO

ANEXO I

Ficheiros con datos de transaccións e de carácter persoal no sistema LexNET

Ficheiro 1. Custodia da información acreditativa das transaccións realizadas

- a) Finalidade e usos previstos do ficheiro: rexistro, custodia e conservación segura dos documentos electrónicos acreditativos das transaccións electrónicas.
- b) Persoas ou colectivos titulares dos datos: os usuarios do sistema e calquera suxeito interviniente nos procesos xudiciais ou actuacións do Ministerio Fiscal.
- c) Procedemento de recollida dos datos: os datos que figuran nos xustificantes electrónicos que xera automaticamente o sistema proceden das relacións de campos que deben consignar os usuarios.
- d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos incluídos: datos e información contida nos xustificantes electrónicos referente á identidade do remitente e do destinatario de cada mensaxe, data e hora da súa efectiva realización proporcionada polo sistema, e proceso xudicial ou actuación do Ministerio Fiscal a que se refire, con indicación do tipo de procedemento, número e ano, así como os escritos e as notificacións, os xustificantes de recepción, dilixencias, cartas de recepción ou calquera outra mensaxe procesual transmitida por medios electrónicos a que se refiren o número 2 do artigo 16 e o número 3 do artigo 17 deste real decreto.
- e) Cesións de datos ou transferencia: non se prevén.
- f) Órganos das administracións responsables do ficheiro: Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías da Xustiza. Secretaría Xeral da Administración de Xustiza. Secretaría de Estado de Xustiza. Ministerio de Xustiza.
- g) Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías da Xustiza. Secretaría Xeral da Administración de Xustiza. Secretaría de Estado de Xustiza. Ministerio de Xustiza.
- h) Medidas de seguridade, con indicación do nivel exixible: adoptaranse todas as medidas de seguridade correspondentes ao nivel alto previstas no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Ficheiro 2. Xestión de usuarios do sistema LexNET

- a) Finalidade e usos previstos do ficheiro: dispor dunha relación actualizada de usuarios que teñan acceso autorizado ao sistema LexNET, para efectos da actividade de xestión de usuarios e de establecer mecanismos ou procedementos de identificación e autenticación para tal acceso.
- b) Persoas ou colectivos titulares dos datos: os relacionados no anexo II deste real decreto.
- c) Procedemento de recollida dos datos: subministrados polo propio interesado a través de proceso de alta.
- d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos incluídos:
 - 1.º Datos de identificación e de contacto: DNI ou NIE, nome, apelidos, enderezo de correo electrónico e parte pública do certificado de usuario.
 - 2.º Datos profesionais indicadores da calidade da intervención no proceso xudicial ou na actuación do Ministerio Fiscal: corpo, escala, carreira ou colectivo profesional de pertenza, órgano e unidade de destino ou adscrición.
- e) Cesións de datos ou transferencia: non se prevén.
- f) Órganos das administracións responsables do ficheiro: Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías da Xustiza. Secretaría Xeral da Administración de Xustiza. Secretaría de Estado de Xustiza. Ministerio de Xustiza.

g) Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías da Xustiza. Secretaría Xeral da Administración de Xustiza. Secretaría de Estado de Xustiza. Ministerio de Xustiza.

h) Medidas de seguridade, con indicación do nivel exixible: adoptaranse todas as medidas de seguridade correspondentes ao nivel básico previstas no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

ANEXO II

Relación de usuarios do sistema LexNET

1. Ministerio Fiscal.
2. Funcionarios do corpo superior xurídico de letrados da Administración de xustiza.
3. Funcionarios dos corpos de médicos forenses, de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e de axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.
4. Funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa.
5. Funcionarios do corpo de tramitación procesual e administrativa.
6. Funcionarios do corpo de auxilio xudicial.
7. Avogacía do Estado.
8. Ilustres colexios de procuradores e procuradores.
9. Avogados.
10. Graduados sociais.
11. Administrador do colexio de procuradores e, de ser o caso, do colexio de avogados.
12. Letrados das Cortes Xerais e das asembleas lexislativas.
13. Funcionarios e letrados do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, das demais administracións públicas, das comunidades autónomas ou dos entes locais.
14. Órganos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais e os seus organismos públicos e as forzas e corpos de seguridade.
15. Administradores concursais.
16. Outros que se poidan incluír mediante a celebración do correspondente convenio.

ANEXO III

Relación de campos que se deben consignar para a presentación de escritos a través do sistema LexNET

Campo	Observacións
Nome e apelidos do remitente.	De consignación automática.
Código de profesional do remitente.	De consignación automática.
Nome do colexio profesional do remitente.	De consignación automática.
Código do colexio profesional do remitente.	De consignación automática.
Nome do órgano de destino.	Obrigatorio.
Código do órgano de destino.	Obrigatorio.
Tipo de procedemento.	Obrigatorio (salvo escritos iniciadores).
Número de procedemento.	Obrigatorio (salvo escritos iniciadores).
Referencia.	Texto informativo. Opcional.
Documento principal.	Obrigatorio.
Documento(s) anexo(s).	Opcional
Procurador(es) destinatarios, en caso de traslado de copias.	Relación de procuradores para seleccionar os destinatarios das copias. Opcional.

Relación de campos que se deben consignar para a realización de actos de comunicación a través do sistema LexNET

Campo	Observacións
Nome do órgano remitente.	De consignación automática.
Código do órgano remitente.	De consignación automática.
Nome e apelidos do destinatario.	Obrigatorio.
Código de profesional do destinatario	Obrigatorio.
Nome do colexio profesional do destinatario.	Obrigatorio.
Código do colexio profesional do destinatario.	Obrigatorio.
Tipo de procedemento.	Obrigatorio.
Número de procedemento.	Obrigatorio.
Documento principal.	Obrigatorio.
Documento(s) anexo(s).	Opcional.

ANEXO IV

Requisitos de acceso e requirimentos técnicos do sistema LexNET

1. Admitiráselles, aos usuarios que se relacionan no anexo II, a presentación de escritos e documentos e a recepción electrónica de actos de comunicación procesual mediante sistemas de identificación electrónica e de sinatura electrónica, segundo o disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e o Regulamento (UE) nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE para as transaccións electrónicas no mercado interior.

2. Como paso previo á utilización do sistema, os usuarios deberán solicitar a alta nel co seu certificado de usuario mediante a conexión ao enderezo web <https://lexnet.justicia.es>, salvo naqueles casos en que a conexión se poida establecer a través das plataformas profesionais dos distintos operadores xurídicos recoñecidas polo Ministerio de Xustiza. Nese enderezo web encontrarase dispoñible toda a información referida á usabilidade e accesibilidade do sistema. Esta solicitude de alta deberá ser validada polos administradores competentes dos colectivos de usuarios autorizados como garantía de pertenza a un determinado colectivo. Sen esa validación, o usuario non poderá utilizar o sistema.

Todo isto sen prexuízo das atribucións en materia de alta de usuarios que asuman as comunidades autónomas que recibisen os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza nos termos dos convenios de cooperación tecnolóxica subscritos co Ministerio de Xustiza.

3. A presentación de escritos e documentos ante os órganos e oficinas xudiciais e fiscais e a recepción dos actos de comunicación que estas cursaren poderán ser realizadas mediante a conexión ao enderezo web <https://lexnet.justicia.es>; isto sen prexuízo da posibilidade de que a conexión se poida establecer a través doutras vías, como as plataformas profesionais, recoñecidas polo Ministerio de Xustiza, dos distintos operadores xurídicos, ou a través da intranet administrativa das administracións públicas.

4. Cando o uso do sistema se leve a cabo a través de páxinas web, darase soporte aos navegadores de maior uso entre os usuarios de LexNET.

Adicionalmente, poderase acceder ao sistema mediante servizos web ou outros mecanismos que o Ministerio de Xustiza determine, baseados en técnicas de interoperabilidade adecuadas co fin de posibilitar a operatividade con outros sistemas.

5. O escrito ou documento principal do envío deberá ser presentado no formato PDF/A coa característica OCR (recoñecemento óptico de caracteres), é dicir, deberá ter sido xerado ou escaneado con software que permita obter como resultado final un arquivo

nun formato de texto editable sobre cuxo contido se poidan realizar buscas e deberá ir asinado electronicamente coa sinatura ou sinaturas dos profesionais actuates.

6. Os documentos que se xunten aos escritos procesuais deberán ser presentados segundo o seu contido nalgún dos formatos que a Guía de interoperabilidade e seguridade de catálogo de estándares e a Guía de interoperabilidade e seguridade do documento xudicial electrónico establezan para este uso. Ata entón, recoméndanse os seguintes: .pdf, .rtf, .jpeg, .jpg, .tiff, .odt, .zip.

Os documentos que só conteñan texto deberán ser presentados, principalmente, coas características descritas no número anterior.

Os arquivos comprimidos .zip só poderán conter documentos dos formatos pdf, .rtf, .jpeg, .jpg, .tiff, .odt.

En ningún caso se poderán remitir a través de LexNET arquivos de audio, vídeo ou zip comprimido que conteñan arquivos en formatos distintos dos anteriormente citados.

Os documentos adxuntos deberanse remitir individualizados en tantos arquivos dixitais como documentos sexan os que deban compor o envío. Non é posible remitir un único pdf que conteña todos os documentos.

No momento da súa xeración no proceso de escaneamento, os documentos serán nomeados de forma descritiva. O nome deberá ir precedido do número cardinal correspondente ao lugar ou orde que ocuparán ao seren anexados ou xuntados no envío que se vaia realizar. Deberase incluír a súa clase e unha breve descrición, sen que sirva unicamente unha alusión xenérica ou numeral.

7. O sistema permitirá acceder aos arquivos de forma paralela e integrada, antes de proceder ao envío.

8. Os dispositivos de dixitalización ou escaneamento que sexan utilizados para a transformación en documentos dixitalizados dos existentes en papel e que se xunten aos escritos e actos de comunicación procesuais configuraranse coas características que estableza a Guía de interoperabilidade e seguridade de dixitalización. Ata a súa publicación recoméndase:

- a) Activar a resolución do escáner a 200x200.ppp ou, na súa falta, a mínima que permita o dispositivo.
- b) Seleccionar tipo de saída de documento PDF/A.
- c) Seleccionar tipo de saída: un só documento.
- d) Activar o OCR (recoñecemento de caracteres).
- e) Seleccionar a cor de saída negra.

Unicamente se utilizarán características de cor cando o contido da información que se xunte así o requira.